

REGULAMENTO DE TRABALLO DE FIN DE GRAO DA FACULTADE DE COMERCIO

(Aprobado na Comisión Permanente do día 02/11/2022)

Segundo se establece no RD 822/2021 de Ordenación dos Estudos Universitarios Oficiais e do procedemento de aseguramento da súa calidade, dispón no capítulo III, artigo 14.6 que “o traballo fin de Grao é de carácter obrigatorio e cuxa superación é imprescindible para a obtención do título oficial”.

As Universidades establecen o marco xeral no que se desenvolverá este Traballo e no caso da universidade de Vigo aprobouse o Regulamento para a realización do Traballo de Fin de Grao no Consello de Goberno do 15/06/2016 e modificado o 13 de Novembro de 2018 e o 31 de Outubro de 2022.

Neste Regulamento dise expresamente que os distintos Centros desenvolverán unha normativa específica que regule a elaboración e defensa dos TFG.

Con este obxectivo elabórase o presente Regulamento do TFG para a súa aplicación na Facultade de Comercio, que entrará en vigor unha vez aprobado pola Comisión Permanente.

Traballo de Fin de Grao (TFG).

1. No segundo cuadrimestre de cuarto curso de grao o estudantado ten que realizar un traballo orixinal e de carácter integrador, no que demostren a adquisición das competencias e habilidades propias da titulación.
2. A carga prevista para o TFG é de 6 créditos ECTS, debendo presentar unha memoria escrita e defendelo diante dun tribunal.
3. O estudantado abordará a realización do TFG de forma individual e autónoma.
4. A supervisión de todo o proceso de elaboración dos TFG recaerá na Comisión Permanente do Centro, que actuará como Comisión do TFG. Dita Comisión será a encargada de solucionar as posibles reclamacións e incidencias xurdidas no proceso de elaboración dos TFG.
5. A xestión e coordinación do TFG será responsabilidade do **Vicedecanato de Relacións Externas e Alumnado** figurando como coordinador/a da materia.

Matrícula do TFG

6. Para poder cursar o TFG, o estudantado terá que estar matriculado de todas as materias requiridas para poder finalizar o plan de estudos.
7. O TFG é unha materia a todos os efectos polo que a matrícula equipárase a calquera outra, dando dereito a dúas oportunidades de avaliación nun mesmo curso académico a condición de que se cumpran os requisitos para a súa defensa recollidos no artigo 7.7. do Regulamento para a realización do TFG da Uvigo.
8. No caso de que o estudantado teña depositado o traballo no Centro e conte co informe favorable do titor ou titora antes da data límite de entrega das actas da convocatoria de xullo pero non reúna os requisitos para poder defender o traballo por ter materias pendentes deberá formalizar unha nova matrícula noutro curso académico. No curso inmediato ao depósito (e só nese curso) o/a estudante terá dereito a unha matrícula reducida do 25% do custo da primeira matrícula.

Procedemento para a asignación de TFG.

9. O Centro publicará na páxina web, ao comezo de cada curso, un calendario no que consten as datas de todos e cada un dos prazos existentes no proceso de elaboración do TFG:
 - a) Prazo de presentación das propostas de temas polos profesores
 - b) Publicación das ofertas do TFG
 - c) Solicitude do estudantado dun tema
 - d) Publicación das asignacións do estudantado a temas
 - e) Reclamación das asignacións do estudantado a temas
 - f) Resolución das reclamacións das asignacións do estudantado a temas
 - g) Prazo de solicitude de depósito do TFG
 - h) Presentación do informe do titor sobre o TFG
 - i) Prazo de solicitude de defensa do TFG
 - j) Publicación da composición dos tribunais do TFG
 - k) Comunicación de actos de defensa do TFG
 - l) Comunicación das cualificacións.
10. **O/A coordinador/a** solicitará ao profesorado do centro unha proposta de temas ou bloques temática para os TFG. Así mesmo, o estudantado poderá propoñer un tema concreto, que deberá ter o visto e prace dun profesor/a que exercerá de titor/a.
11. **O/A coordinador/a**, encargarse de garantir a asignación de un traballo a cada un do estudantado matriculado, na medida do posible e de acordo coas súas preferencias e, en

caso de ser necesario, valorando o expediente académico do estudantado para establecer prelacións na asignación.

Como caso excepcional, o estudantado ou profesor/a titor/a, poderán solicitar por escrito a Comisión Permanente do Centro un cambio nas asignacións correspondentes tanto persoais como de contidos temáticos.

12. A adxudicación da titorización e da temática para o traballo de fin de grao **terá validez máxima de dous cursos académicos**. Unha vez transcorrido terá que volver a realizarse un novo proceso de adxudicación.

Presentación e Avaliación.

13. No momento da solicitude de depósito o estudantado deberá indicar se opta pola defensa do seu TFG ante un tribunal **colexiado** ou ante un tribunal **unipersoal** e entregará a solicitude mediante a plataforma MOOVI no apartado correspondente habilitado na materia.

Unha vez terminada a elaboración do TFG e no prazo establecido na convocatoria, o estudantado solicitará a defensa do mesmo mediante a **Secretaría Virtual** do alumn@ e subirá a versión final do TFG xunto co xustificante xerado na **Secretaría Virtual** a plataforma MOOVI no apartado correspondente da materia.

14. O profesor/a titor/a do TFG emitirá o informe coa valoración global do TFG titorizado na súa **Secretaría virtual**.

15. Será responsabilidade do presidente/a do tribunal **colexiado**, de acordo cos demais membros /as do mesmo, fixar a data e a hora do acto de defensa de cada un dos TFG do seu tribunal, que en todo caso terá lugar no período de presentación de TFG fixado no calendario oficial.

Será responsabilidade do tribunal **unipersoal** fixar a data e hora do acto de defensa, que en todo caso terá lugar no período de presentación de TFG fixado no calendario oficial.

Os actos de defensa serán publicados pol@ coordinador/a mediante a plataforma de docencia MOOVI da materia e distribuído nas listas de distribución do centro.

16. No caso de defensa ante un tribunal **colexiado** a valoración numérica do TFG realizada polo titor/a, computará un 30% na avaliación global, correspondendo o 70% restante á cualificación do Tribunal de Avaliación.

No caso de defensa ante un tribunal **unipersoal** a valoración numérica lle corresponde o 100% ao titor.

Os tribunais **colexiados e unipersoal** poderán propoñer a concesión de matrículas de honra mediante un email ao Vicedecanato responsable do TFG.

No caso de que o nº de propostas sexa superior ó nº de matrículas que se poden conceder, priorizarase por orde da cualificación do TFG, de maior a menor. En caso de empate, terase en conta a nota media do expediente.

En caso de persistir o empate, resolverá una comisión formada polo/a Director/a da Escola e as persoas que presidan os tribunais afectados (unipersoais ou colexiados).

17. O TFG só poderá ser defendido e avaliado cando se teña constancia de que o estudantado superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de grao, excepto os correspondentes ao propio TFG. O Centro deberá verificar que se cumpran estes requisitos para autorizar a súa presentación. A estes efectos, no caso de que á data límite da entrega de actas das materias aínda non se recepcionarán tódalas actas, a secretaría do Centro solicitará do profesorado encargado desas materias que informe sobre as cualificacións do alumnado que solicitase a defensa para esa convocatoria.

En todo caso, a cualificación dos traballos non se trasladará a acta ata que o estudantado non teña superados todos os créditos necesarios para obter a titulación.

Traballos Fin de Grao realizados noutra Universidade

18. O estudantado en réxime de mobilidade en Universidades distintas á de orixe do estudantado poden matricularse do TFG na súa Universidade de orixe e realizalo na súa Universidade de destino, con plenos efectos académicos, sempre que o acordo de equivalencias contemple esta posibilidade.

19. A Xunta de Facultade ou no seu caso a Comisión Permanente poderá autorizar con carácter excepcional a defensa do TFG a distancia de forma virtual e tras a petición formal e motivada polo estudantado, o titor/a e o cotitor/a e sempre que concorran as condicións técnicas, administrativas e económicas que permitan a súa viabilidade.

20. O estudantado en réxime de mobilidade que defendan e non superen o TFG na Universidade de destino, poderán presentalo no Centro na convocatoria extraordinaria correspondente.

21. De acordo co 3.5 do Regulamento para a realización do TFG da Uvigo, o/a estudante pode solicitar a realización do TFG noutra universidade española ou estranxeira que conte cun convenio de intercambio académico coa Universidade de Vigo. O Centro ou a súa Comisión delegada, se aproba a solicitude, solicitará unha persoa titor/a na Universidade de destino e designará á persoa responsable do intercambio no Centro como cotitor/a aos únicos efectos de supervisar os trámites a desenvolver na Universidade de Vigo.

Disposición adicional

22. Para os efectos da propiedade intelectual do TFG son coautores/as do mesmo o estudiantado que o realizou e os profesores e profesoras que figuren como directores/as do TFG.

O exemplar do TFG entregado en formato dixital no Centro, poderá ser consultado a non ser que o/a estudante manifeste a súa oposición motivada en escrito elevado á Comisión Permanente.

Sempre que se faga referencia a un TFG dentro do ámbito docente da Universidade de Vigo farase constar o nome dos seus autores/as sen que sexa preciso o seu consentimento expreso.

A persoa titular dos dereitos poderá autorizar a difusión do seu traballo no repositorio institucional da Uvigo; debendo, no caso de varias persoas titulares, todas elas estar de acordo na dita autorización.

Asdo. Jacinto González Dacosta

Vicedecano de Relacións Externas e Alumnado